

Liceo *Franciscano*

REVISTA DE ESTUDIO E INVESTIGACIÓN



LICEO FRANCISCANO

EDITORIAL EL ECO FRANCISCANO
PROVINCIA FRANCISCANA DE SANTIAGO

Liceo Franciscano: Revista de estudio e investigación / Provincia Franciscana de Santiago. – 1º ep. Año I, nº 1 (enero, 1939) – Año XXIX, nº 87 (enero, 1976); 2ª ep. Año XXX, nº 88 (enero-diciembre, 1977) – Año LXVI, nº 207 (enero-diciembre, 2016); 3ª ep. Año LXVII, nº 208 (enero-junio, 2017). – Provincia Franciscana de Santiago : El Eco Franciscano, 1930 - .

v. : il. ; 23,5 cm

Semestral

D.L. C755-2003

ISSN 0211-4011

e-ISSN 2530-917X

902(05)

94(460.11)

703, 704, 204

DIRECCIÓN Y ADMINISTRACIÓN:

Convento de San Francisco

Campillo de San Francisco, 3 - Apartado 15

15705 - Santiago de Compostela

e-mail: contacto@liceofranciscano.es

Suscripción en papel y digital en www.liceofranciscano.es

Se solicita intercambio con revistas de temática semejante.

El Liceo Franciscano se recoge en las siguientes bases de datos:

ISOC (CSIC), DIALNET, LATINDEX, CIRC Y MIAR.

Imagen cubierta: Biblioteca Histórica de la Provincia Franciscana de Santiago. La Natividad. Inicial historiada del Cantoral LC-m 19.

Diseño, maquetación e impresión: ICONO Servicios Integrales S.L.

LICEO FRANCISCANO

REVISTA DE ESTUDIO E INVESTIGACIÓN

Santiago de Compostela

Año LXXIII (3ª Época)

Julio - Diciembre 2023

Núm. 221

LICEO FRANCISCANO

Revista de Estudio e Investigación

EDITA

EL ECO FRANCISCANO

PROVINCIA FRANCISCANA DE SANTIAGO

www.ecofranciscano.com

EQUIPO EDITORIAL

DIRECTOR

Juan Manuel Buján, OFM

SECRETARÍA

Carmen Martínez Vázquez
Biblioteca Franciscana de la Provincia de Santiago

ADMINISTRADOR

Joaquín Pulleiro Oro, OFM

CONSEJO DE REDACCIÓN

Enrique Mourille Feijoo, OFM
Archivo Franciscano de la Provincia de Santiago

Martín Carbajo, OFM
Universidad Pontificia Antonianum de Roma

Miguel de la Mata Merayo, OFM
Instituto Teológico Compostelano

Francisco Buide del Real.
Archivo y Biblioteca de la Catedral de Santiago

Antonio Gutiérrez González
Instituto Teológico Compostelano

www.liceofranciscano.es

Contacto: dirección@liceofranciscano.es
secretaría@liceofranciscano.es
contacto@liceofranciscano.es

ÍNDICE

<i>Presentación</i>	9
<i>• Historia, arte y patrimonio</i>	
EL FRANCISCANISMO, LA MUERTE Y LOS PONTEVEDRESES <i>Helena Rodríguez Villar</i>	11
ESTUDIO DE PARTE DE LA COLECCIÓN DE CANTORALES MANUSCRITOS EN PERGAMINO DE LA BIBLIOTECA HISTÓRICA DE LA PROVINCIA FRANCISCANA DE SANTIAGO <i>Carmen Martínez Vázquez</i>	31
EL PLATERO COMPOSTELANO FABIÁN ANTONIO ORDÓÑEZ unas notas biográficas y estudio de tres cruces procesionales de su autoría en el entorno de Bergantiños <i>Luis Ángel Bermúdez Fernández</i>	77
<i>• Teología y Espiritualidad</i>	
ESCUCHAR, DENUNCIAR, CURAR: ABUSOS DE PODER, ESPIRITUALES Y DE CONCIENCIA EN LA VIDA CONSAGRADA <i>Fr. José Rodríguez Carballo</i>	97
<i>• Filosofía y Pensamiento</i>	
EL DESTINO UNIVERSAL DE LOS BIENES Y LA PROPIEDAD PRIVADA SEGÚN FRANCISCO <i>Vidal Rivera Sabatés</i>	129
A ECONOMÍA DO NÓS: UNHA PERSPECTIVA FRANCISCANA <i>Martín Carbajo-Núñez</i>	151

LICEO FRANCISCANO
Núm 220 (Julio-Diciembre 2023), pp. 151-170
ISSN 0211-4011
e-ISSN 2530-917X
D.L. C755-2003

Teología y Espiritualidad

A ECONOMÍA DO NÓS: UNHA PERSPECTIVA FRANCISCANA

→ Martín Carbajo-Núñez*

* Pontificia Università Antonianum
ISTM, Alfonsianum
FST - University of San Diego (USA)
mcarbajo@sandiego.edu

A ECONOMÍA DO NÓS: UNHA PERSPECTIVA FRANCISCANA

RESUMO

A visión franciscana da economía, que tivo un notable desenvolvemento durante os séculos XIII-XV, segue gozando hoxe dunha sorprendente actualidade. Así o recoñeceu recentemente o Papa Francisco ao convocar en Asís un encontro mundial de economistas menores de 35 anos para promover un sistema económico máis fraterno, máis atento aos pobres e ao medio ambiente. Por mor da pandemia do COVID-19, o encontro terminou celebrándose en liña os días 19-21 de novembro 2020. Este artigo presenta os trazos fundamentais da economía franciscana que o Papa volveu a propoñer como modelo inspirador para unha nova economía do nós

Palabras chave: Economía, Francisco de Asís, Franciscanos, Montes de Piedade, Papa Francisco

ABSTRACT

The Franciscan vision of the economy, which had a remarkable development during the 13th-15th centuries, keeps being relevant today. This fact has been recently recognized by Pope Francis when he convened a world meeting of young economists in Assisi, entitled "The economy of Francesco", to promote a more fraternal economic system, more attentive to the poor and the environment. Because of the COVID-19 pandemic, the meeting ended up being held online on November 19-21, 2020. This article presents the fundamental features of the Franciscan economy that the Pope has once again proposed as an inspirational model for a new economy today.

Keywords: Economy, Francis of Assisi, Pope Francis, Franciscans, Mounts of piety

Recibido/Received: 28/04/2023

Aceptado/Accepted: 14/11/2023

A visión franciscana da economía, que tivo un notable desenvolvemento durante os séculos XIII-XV, segue gozando dunha sorprendente actualidade, e así o recoñece o Maxisterio eclesiástico. De feito, inspirándose en Francisco de Asís, o Papa Francisco convida a todos a construír unha economía do nós, inclusiva, orientada ao ben común e atenta “sobre todo aos pobres e excluídos”¹. O Sumo Pontífice suxire unha continuidade entre a súa proposta e a do Francisco e os franciscanos.

De feito, o Papa quixo organizar en Asís un encontro internacional de economistas menores de 35 anos “para promover xuntos, a través dun «pacto» común, un proceso de cambio global” para promover un sistema económico máis inclusivo e máis atento á persoa e ao medio ambiente. Ao convocalo, o Papa convidou a poñer en marcha procesos para cambiar “os estilos de vida, os modelos de produción e consumo, e as estruturas de poder que rexen as sociedades actuais”². Mostrou tamén a súa confianza nos mozos para “dar unha alma á economía do mañá” (*Ec-Fco*), xa que “o sistema mundial actual é insostible”³. Aceptando a invitación papal, inscribíronse uns tres mil novos economistas de 120 países.

A celebración deste encontro, titulado “A economía de Francisco” (“*The Economy of Francesco*”), estaba prevista en Asís, unha cidade que “é símbolo e mensaxe dun humanismo de fraternidade”, icona dunha cultura

¹ FRANCISCO, «Carta para o evento “Economy of Francesco”» (1.05.2019) [*Ec-Fco*], en *L’Osservatore Romano*, [OR], 12.05.2019, 8. O encontro fora programado inicialmente para os días 26-28 marzo 2020.

² FRANCISCO, «Videomensaxe aos participante no encontro “Economy of Francesco”» (21.12.2020), en *Internet*: <https://youtu.be/zu5Xkt6TOHE>; cf. https://www.vatican.va/content/francesco/it/messages/pont-messages/2020/documents/papa-francesco_20201121_videomessaggio-economy-of-francesco.html

³ FRANCISCO, «Videomensaxe» (21.12.2020).

de paz e “lugar inspirador dunha nova economía” (*Ec-Fco*). De feito, foi alí onde Francisco de Asís fixo a elección da pobreza, iniciando así “unha visión da economía que segue sendo moi actual” (*Ec-Fco*). A pandemia do Covid-19 obrigou primeiro a trasladar a reunión ao 19-21 de novembro 2020 e, finalmente, a celebrala en liña.

Na primeira parte deste artigo móstranse as ideas do santo de Asís no campo da economía. Na segunda parte, indícanse algúns aspectos da economía franciscana que contradín a visión individualista do capitalismo actual⁴. De feito, aínda sendo unha economía de mercado, é moi distinta do capitalismo, que busca sobre todo maximizar o beneficio individual á conta de aumentar as desigualdades sociais e danar a natureza.

► AS OPCIÓNS ECONÓMICAS DE FRANCISCO DE ASÍS

Francisco de Asís era fillo dun comerciante, polo que coñecía ben a incipiente realidade económica. A activación do comercio estaba a provocar un cambio no concepto de riqueza, cada vez máis baseado no diñeiro.

Abrazando a pobreza e rexeitando o diñeiro, desafia profeticamente o sometemento do ser humano ao capital e ao consumismo⁵. Convida os seus frades a ser pobres, “menores e submisos a todos”⁶ para poder amar sen trabas nin prexuízos. Pídelles que eviten calquera tipo de acumulación ou apropiación: “nin casa, nin lugar, nin ningunha outra cousa”⁷, porque todo pertence ao Señor⁸. Pola contra, deben restituír cun humilde servizo tanto os bens materiais como os dons recibidos, ata chegar á completa doazón de si mesmos por amor.

154

⁴ O contido dos seguintes parágrafos foi tratado máis amplamente polo autor nos seus libros: CARBAJO NÚÑEZ M., *Crisis económica. Una propuesta franciscana*, BAC, Madrid 2013; *Id.*, *Franziskanische Wirtschaft. Ein Vorschlag um aus der Krise Herauszu kommen*, Be&Be, Heiligenkreuz 2021; *Id.*, *Essere francescano nell'era digitale: Nuove sfide, nuova vita*, EDI, Napoli 2021. O texto orixinal do presente artigo corresponde a unha conferencia que o autor impartiu en italiano en Predazzo, Italia, o 25 agosto 2021, nun encontro organizado pola Cooperativa social “Frate Jacopa”.

⁵ FRANCISCO DE ASÍS, «Regra bulada» [Rb], 5,4, en lingua italiana: *Fonti Francescane* [FF], Ed. Francescane, Padova et al. 32011, 88; *Id.*, «Regra non bulada», [Rnb] 7,6 (FF 24). Neste artigo, os textos do maxisterio e das fontes franciscanas son tradución do autor.

⁶ *Rnb* 7,3 (FF 156)

⁷ *Rb* 6,1 (FF 90); cf. *Rnb* 7,14 (FF 26).

⁸ “Quen garda algo para si mesmo, esconde en si mesmo o diñeiro do Señor o seu Deus”. FRANCISCO DE ASÍS, «Admonicións» [Adm], 18,2 (FF 168).

1. O traballo como medio ordinario de vida

A diferenza das comunidades monásticas da época, Francisco non quere que os seus frades posúan medios de produción. No seu Testamento, pide "que os frades traballen" e que "os que non saben aprendan"⁹. Como pobres e menores, traballarán coas propias mans e entre os pobres. Exercerán a "graza de traballar" "con fidelidade e devoción"¹⁰; é dicir, nun clima de fe e doazón total. Deste xeito, o frade menor expresa a propia identidade, fai frutificar os talentos recibidos, colabora con Deus creador, "re-créase" como persoa e constrúe a vida social.

Fronte á avaricia e a especulación financeira dos usureiros e dos novos ricos, o fillo de Pedro Bernardone considera o traballo como o medio ordinario de subsistencia¹¹. Polo traballo que fagan, os seus frades poderán "recibir todo o que necesitasen, excepto diñeiro"¹². Con todo, non verán o salario como un dereito, senón como un agasallo que deben aceptar humildemente "por amor a Deus"¹³. O criterio é teolóxico, non xurídico, e reforza o sentido da gratuidade e a lóxica do don.

2. A pobreza para ser un irmán universal

Co seu estilo de vida, Francisco de Asís axudou a que a sociedade valorase a sobriedade e a pobreza voluntaria como liberación de dependencias materiais e apertura ao encontro fraterno. A acumulación de bens superfluos, en cambio, aumenta a desconfianza e a sospeita, ademais de bloquear a necesaria circulación da riqueza.

A pobreza de Francisco ten un sentido relacional: oriéntase á solidariedade máis que á austeridade. Non busca a perfección por si mesma, senón a liberdade interior que todos necesitamos para poder establecer relacións fraternas. En efecto, tras recibir a grazza da conversión, o Pobre de Asís descóbrese irmán universal, libre de todo apego aos bens materiais e gozosamente aberto a servir a todos os que atopa, non importa se son pobres ou ricos, amigos ou inimigos, infieis ou pecadores.

⁹ FRANCISCO DE ASÍS, «Testamento» [Test], 20-23 (FF 119-120); cf. Rnb 7,3 (FF 24).

¹⁰ Rb 5,2 (FF 88).

¹¹ Rnb 7 (FF 24); Test 21 (FF 119).

¹² Rnb 7,7 (FF 24); cf. Rnb 8,9 (FF 28); Rb 5,4 (FF 88).

¹³ "Ían axudar aos pobres nos campos, ás veces recibindo pan por amor a Deus". *Compilación de Asís (Lenda de Perusa)*, [CAss], 9 (FF 1549).